

CONTRATO 2022/CP/104: Investigador asociado

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E ACTA DE CUALIFICACIÓN

Presentáronse á convocatoria os seguintes candidatos:

JGG DNI: *****397R
AJRG NIF: *****903A

O candidato JGG é doutor en automática, robótica e informática industrial. No período 2010-2012 traballou no deseño, desenvolvemento e implementación de sistemas de control encaixados para UAVs. No período 2013-2014 dedicouse ao deseño e implementación dunha contorna de control para biorreactores. No período 2015-2021 traballou na cinemática e no deseño e programación do control de manipuladores industriais e robots camiñantes e escaladores. Aínda que o candidato non sinala no seu currículo os méritos que posúe de entre os indicados na convocatoria como valorables, das actividades levadas a cabo polo mesmo pódese deducir coñecemento e experiencia en sistemas ciber-físicos, en operación e control de motores eléctricos, e en sensorización. O candidato si sinala programar en C/C++ e Matlab/Simulink ao longo da súa actividade investigadora.

O candidato AJRG é doutor en enxeñería naval e industrial. Traballou desde marzo de 2015 no desenvolvemento e implementación de simuladores de vehículos e de observadores de estados baseados en modelos multicuerpo a bordo de vehículos, incluíndo simulación en tempo real, desenvolvemento de simuladores ciber-físicos, co-simulación e sensorización. Traballou desde xaneiro de 2020 na programación do control dun prototipo de banco de ensaios ciber-físico para motores eléctricos, así como nos protocolos de comunicación por CAN e na sensorización e posta en marcha dun banco de ensaios ciber-físico para motores eléctricos de automoción. Programou en C e C++, e en Matlab/Simulink, desde marzo de 2015.

	JGG	AJRG
Titulación: doutor en enxeñería industrial ou mecánica (máx 2)	1	2
Simulación en tempo real, sistemas ciber-físicos, co-simulación, motores eléctricos (máx 3)	0.75	2.25
Operación e control de motores eléctricos, CAN, sensorización, simuladores ciber-físicos (máx 3)	1.5	2.5
C++ (máx 1.5), Matlab/Simulink (máx 0.5)	2	2
TOTAL	5.25	8.75

Por tanto, decídese propoñer a contratación de:

AJRG NIF: *****903A

Ferrol, 9 de agosto de 2022

A Comisión de Selección:

Francisco Javier Cuadrado Aranda
María Paz Mateo Orenes
Francisco Javier González Varela

Código Seguro De Verificación	zLD4EkMRN46KuY7gC36tpQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Francisco Javier González Varela	Asinado	09/08/2022 11:30:46
	María Paz Mateo Orenes	Asinado	09/08/2022 08:44:14
	Francisco Javier Cuadrado Aranda	Asinado	09/08/2022 08:42:26
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zLD4EkMRN46KuY7gC36tpQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

